



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O CONCELLO DE NOIA PARA A DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO EDIFICIO MUNICIPAL DO CASINO, "CENTRO DE VISITANTES MULTIFUNCIONAL DO XEODESTINO DA RÍA DE MUROS NOIA".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar co Concello de Noia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Noia para a dotación de equipamento para a posta en funcionamento do Edificio Municipal do Casino, "Centro de Visitantes Multifuncional do Xeodestino da Ría de Muros Noia"

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece á edificación denominada "Casino de Noia", único con estas características que necesita da dotación do equipamento necesario que permita ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos ben planificados dos que debemos





responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso ao uso das fontes de coñecemento e da cultura.

Por todo o anterior é o Concello de Noia o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

